



Poesía e música

Poesía e música están vencelladas porque os poemas teñen un ritmo interno grazas a rima, a métrica e outros recursos. Tamén hai numerosos músicos e músicas cuxa carreira está vinculada a poesía como Patti Smith, Bob Dylan ou Leonard Cohen. E por suposto as nosas cantareiras ás que este ano lles dedicamos o Día das Letras Galegas. escoitemos algunhas cantigas populares:

Aparta, loureiro verde, deixa clarexar a lúa
se non vexo os meus amores, non vexo cousa ningunha.

Lévame, lévame, lévame,
lévame á beira do mar,
nunha noite prateada,
noite dun craro luar.

Teño unha casa branca na Mariña entre loureiros,
teño paz e teño amor e estou vivindo no ceo.

Ailalala, ailalala..

E adiós á miña casa, portelo do meu quinteiro,
auga da miña fontaña, sombra do meu laranxeiro

Ailalala, ailalala..

- Rosalía de Castro era unha apaixonada destas cantigas populares, a partir das cales escribiu o seu poemario *Cantares gallegos*.

«Has de cantar,

meniña gaiteira,

has de cantar,

que me morro de pena.

Canta, meniña,

na veira da fonte;

canta, dareiche

boliños do pote.

Canta, meniña,

con brando compás,

dareiche unha proia

da pedra do lar.

Papiñas con leite

tamén che darei;

sopiñas con viño,

torrexas con mel.

Patacas asadas

con sal e vinagre,

que saben a nocés,

¡que ricas que saben!

Rosalía de Castro, *Cantares gallegos*

- Un dos poemas nos que mellor se albisca esta relación entre poesía e música é na "Alborada":

Vaite noite vai fuxindo

Vente aurora vente abrindo

co teu rostro que sorrindo

a sombra espanta!!!

Canta,

paxariño canta

de ponliña en ponla

que o sol se levanta

polo monte verde

polo verde monte
alegando as herbas
alegando as fontes!...

Rosalía de Castro

- En realidade esta era unha peza musical á que puxo letra Rosalía... Así que a conexión é clara. Pero esta vai máis alá. Só cómpre fixarse no fácil que é rapear os poemas da poeta coma, de feito, fixo a rapeira Aid.
- Noutros casos era a poesía de Rosalía a que era musicada. Así sucedeu con "Negra sombra".

Negra sombra

Cando penso que te fuches,
Negra sombra que m'asombras,
Ô pe d'os meus cabezales
Tornas facéndome mofa.
Cando maino qu'ês ida
N'o mesmo sol te m'amostras,
Y eres a estrela que brila,
Y eres o vento que zóa.
Si cantan, ês tí que cantas,
Si choran, ês tí que choras,
Y-ês o marmurio d'o rio
Y-ês a noite y ês a aurora.
En todo estás e ti ês todo,
Pra min y en min mesma moras,
Nin m'abandonarás nunca,
Sombra que sempre m'asombras.

- Volvamos ao ritmo que une poesía e música, música e poesía cun poema de Elvira Riveiro Tobío no que as onomatopeas (palabras que imitan o son que designan) teñen un relevante papel.

Algarada

Chacarrachaca

(algazara na praza)

Tantarantán!

(tantán salta nas mans)

Talán talán

(cantata de campá)

Ñam!

(chanchada a lasaña)

Ha!, ha!, ha!

(a gran gargallada)

Plas!

(a mazá machacada)

Bam

(bala da arma canalla)

Aaaaaaaaaahhhhhh!!!

(a pantasma na casa)

Ala!, canta algarada

Chas! chaschas!, chascarraschás!

Elvira Riveiro Tobío

- Quen sabía moito de poesía e música era Luísa Villalta, autora homenaxeada no Día das Letras Galegas do pasado ano. Ela, que era violinista, mesmo escribiu un ensaio (que é un libro no que unha autora ou autor expón as súas opinións ou os seus coñecementos sobre algunha materia) no que reflexiona sobre a relación entre estas dúas artes.

O meu nome é o da Cidade Alta
nacido onde a luz e o mar se están orixinando
mutuamente
nacín enfrente de min mesma
cando a Pescadería era un leito de sereas
e a serpe demorada na voz dos meus avós
vento dos ventos.

Luís Villalta, *En concreto*.

- Tamén amaba a música a poeta Luz Pozo Garza quen fixo desta un dos temas dos seus poemas:

Aquel vello piano noite e tempo
de madeiras exóticas que cercaban a infancia
conserva a transparencia do primeiro Chopin
nun reino fuxitivo onde pasan as sombras en claves sucesivas.


Luz Pozo Garza, *Códice Calixtino*

- E de silencio, que tanto ten que ver coa música, escribe a marroquí Widad Benmusa:

Unha vez
o silencio durmiu na miña cama

pola mañá...

sentín que bailaba unha nena no fondo de min.



Paseniño, paseniño non imos cara Bastabales coma no poema de Rosalía, senon cara a fin desta breve antoloxía. E imos rematar cunha estrofa dun famoso poema da escritora estadounidense Maya Angelou:

The caged bird sings
with a fearful trill
of things unknown
but longed for still
and his tune is heard
on the distant hill
for the caged bird
sings of freedom.

Maya Angelou

- Agora a súa tradución:

O paxaro engaiolado canta
un temeroso trino
sobre algo descoñecido
mais ansiado aínda
e dende a afastada colina
escóitase a melodía
pois o paxaro engaiolado
canta á liberdade.

Maya Angelou

Grazas a todos e todas pola vosa atención. E lembrade que vos agardamos onde o mundo se chama biblioteca.

